



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2019/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «Aprobación da Conta Xeral do ano 2018 que debe aprobarse e remitirse ao Consello de Contas antes do 15 de outubro»
<b>Data</b>	14 de outubro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 13:30 ata as 13:50 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	NON
33860503H	Carlos Plácido Buján López	NON
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	NON
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33317872A	Maria Pilar Vazquez Ares	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Angel Seoane Lamela: «Ausencia xustificada» 1. Carlos Plácido Buján López: «Ausencia xustificada» 1. Francisco José Penas Pardo: «Ausencia xustificada»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da urxencia da convocatoria

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia da convocatoria na necesidade de aprobar a Conta Xeral antes do día 15 de outubro para poder remitila en prazo ao Consello de Contas e cumprir con este prazo legal.

**Sometida a votación a urxencia da convocatoria é aprobada por unanimidade dos 10 asistentes.**

#### APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2018. EXPEDIENTE Nº 607/2019

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 4,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4P4G9MP64LWJZ6WYSLLC3XWY | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



## Concello de Guitiriz



APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2018. EXPEDIENTE Nº 607/2019

A proposta de alcaldía é a seguinte:

"De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de "*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*", sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio correspondente durante os cales e 8 máis interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 9/09/2019 (BOP nº 207) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas de data 5/09/2019 a proposta de aprobación da conta xeral.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobado a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2018 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.  
**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas."

Aberto o debate pola Presidencia O voceiro do grupo PP di que é unha obriga legal formar a Conta xeral e xa tiña que estar aprobada en outubro, incumpríronse algúns prazos do artigo 212 da lei de facendas locais. Tamén comprobamos que hai moitos reparos de intervención no ano 2018, máis de 70, e deberían evitarse pola penalización que pode supoñer.

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

O voceiro do grupo BNG di que o equipo de goberno está asumindo por boas as contas do anterior equipo de goberno no ano 2018, un ano no que nin tan sequera tivemos orzamentos, e no que como ven sendo o habitual quedaron sen investir entre os/as veciños/as do concello cartos orzamentados, habendo as deficiencias que hai na maioría dos servizos que ofrece o concello.

Quedaron sen investir 403.526 euros, unha cifra que é a mais baixa da pasada lexislatura pero que vai sumando no remanente de tesourería que xa alcanza a descomunal cifra de 2.343.619 €.

Un concello como Guitiriz que cada día que pasa ten menos vida, menos habitantes e menos alicientes para a xente que vivimos aquí, e que sigue caendo en picado non pode permitirse estas formas de gobernar, temos que ser ambiciosos e por suposto gastar o que temos no que nos fai falta, para mellorar a calidade de vida de todas as persoas do concello, porque a día de hoxe seguimos carecendo de servizos que nós farían a vida un pouco máis levadeira.

O BNG non pode votar a favor de algo irreal, mal feito e mal xestionado, unhas contas que tiñan que presentarse polo anterior goberno antes do 15 de maio, pero había outras cousas máis importantes e urxentes que facer, tapar as fochancas das estradas locais, o acondicionamento de acceso a casas ou garaxes, a colocación de luces a particulares ou mesmo a preparación da inauguración do centro de día dous días antes de que vostede tomase posesión como alcaldesa.

Estoulle dicindo Sra. Alcaldesa con isto, que despois non me veña comentando en futuros debates, que vostede se desentende e non ten culpa ningunha do pasado, porque si o ten por moito que vostede se empeñe en negalo. E dende logo esta marcando o marcando o presente e o futuro do noso concello.

Segundo o informe de intervención temos 75 reparos, todos eles sobre actuacións da presidencia ou alcaldía e da xunta de goberno, e dous sobre o pleno (que por certo o BNG non votou a favor) levamos toda a vida dependendo do inventarios municipal de bens e sen crear o Patrimonio Municipal do Solo, sabendo que sen eles non se pode facer un adecuado análise das contas do concello, e algo moi necesario, como o era o inventario de camiños públicos que finalmente se fixo o ano pasado.

Como vostedes entenderán votar a favor destas contas non é moi lóxico, os informes dos técnicos e a realidade o demostran.

A Sra. Alcaldesa di que o propósito do equipo de goberno é que non queden cartos sen investir e que todo o que se faga vaia sen reparos de intervención. Consideramos que ten máis problemas non asumir a conta xeral que asumila, e que non podemos facer outra cousa agora, e imos a cumprir este último prazo do 15 de outubro.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que no equipo de goberno da Corporación anterior había moita prepotencia e moitos reparos de intervención, polo que van a votar en contra.

O voceiro do grupo BNG di que tamén va a votar en contra.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 6 votos a favor do grupo PSOE e 4 votos en contra do grupo PP e BNG.**

### TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA OBRAS DE SANEAMENTO DE EMERXENCIA. EXPEDIENTE Nº: 908/2019

Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz



**PRIMUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA OBRAS DE SANEAMENTO DE EMERXENCIA. EXPEDIENTE Nº: 908/2019**

A proposta de acordo ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa-Presidenta, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que obran no expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento municipal por transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 70.000 €, derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria axeitada e suficiente consistentes en "OBRA DE EMERXENCIA EN VARIOS PUNTOS DE SANEAMENTO DO NUCLEO DE GUITIRIZ" tramitado no expediente 903/2019, tendo en conta a posibilidade de minorar determinadas aplicacións do orzamento de gastos sen menoscabo da finalidade para a que foron previstas no Orzamento aprobado para este ano:

- Providencia de inicio do expediente.
- Certificado de intervención de dispoñibilidade dos créditos a minorar.
- Informe de intervención.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no artigo 179 e 180 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais do 5 de marzo de 2004, nos artigos 40 e 41 do Real decreto 500/1990 e na Base 12 das de execución do vixente orzamento municipal.

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do vixente orzamento municipal por transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto de acordo cos datos que se indican de seguido:

Aplicacións minoradas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Minoración	Consignación restante (aplicación)	Consignación restante (bolsa)
326.62200	70.000,00	70.240,00	70.000,00	0,00	240,00

Aplicacións incrementadas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Incremento	Total consignación (aplicación)	Total Consignación (Bolsa)
161.61900	0,00	100.000,00	70.000,00	70.000,00	170.000,00

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4P4G9MP64LWJZ6WYSLLC3XWY | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



## Concello de Guitiriz

presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación naquel Boletín Oficial.

*TERCEIRO.-* O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa explica a necesidade de realizar estas obras de emerxencia e que este importe para a reforma do PAI non se gastaría este ano.

O voceiro do grupo PP di que votaron a favor na comisión informativa e votaran a favor porque é necesaria esa reparación, pero que foi utilizado propagandisticamente polo goberno anterior.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo coas tres obras, pero que unha delas é porque se fixo mal a obra do colector, que conste en acta que o Concello vai asumir o custe desa obra porque o proxecto ou a obra do colector se fixo mal.

A Sra. Alcaldesa di que estamos nun proceso de reclamar deficiencias e o están facendo, pero que esa obra en particular non podía esperar e hai deficiencias máis graves. Di que intentaran facer a reforma do PAI o ano que ven.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 10 asistentes.**

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4P4JG9MP64LWJZ6WYSLC3XWY | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6